

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO 2016/04 "Servizo de coidado e limpeza do Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET)"

Visto o expediente correspondente ao procedemento de contratación 2016/04, resulta o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xerencia da Fundación Rof Codina (en adiante FRC), por Resolución con data 19 de agosto de 2016, ordenou o inicio dun expediente de contratación correspondente a un procedemento aberto de tramitación ordinaria con publicidade no perfil do contratante na páxina web da Fundación Rof Codina (<http://www.rofocodina.org>), con número de identificación 2016/04, que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza das dependencias, tanto interiores como exteriores do CEBIOVET, centro dependente da Fundación Rof Codina (FRC), de acordo coas especificacións técnicas e condicións que figuran neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT); por un importe de licitación sen IVE de 75.000,00 € e que está composto por un lote único. A súa duración será de 12 meses.

O prazo de presentación de propostas finalizou o 7 de setembro de 2016 ás 14:00 horas.

Segundo.- A Mesa de Contratación, despois dos trámites legais regulamentarios, reuniuse nas seguintes datas:

- 12/09/2016: Realizouse á apertura do sobre A (Documentación administrativa) dos dous licitadores que presentan a súa oferta e que se expoñen a seguir:

NOMBRE	C.I.F.	REXISTRO HVU-RC		Nº REG. CONTRATISTAS	Nº ORDEN
		Nº	FECHA		
EULEN, S.A.	A28517308	429	07/09/2016	79	1
LIMPERGAL, S.L.	B27141159	427	07/09/2016	522	2

- 14/09/2016: Levouse a cabo á apertura do sobre B (Documentación relativa aos criterios non avaliados de forma automática), encomendando ao servizo encargado a elaboración do informe técnico.
- 20/09/2016: Examinouse o informe técnico, cuxas puntuacións totais foron as seguintes:

LICITADOR	EULEN, S.A.	LIMPERGAL, S.L.
a. Propuesta de actuaciones trimestrales.	9	6
b. Propuesta planificación y ejecución servicio ordinario.	6	9
c. Propuesta planificación y ejecución servicio extraordinario.	9	8
d. Propuesta incremento RR.HH.	8	8
e. Mejores propuestas licitador	8	9
A. Propuesta sostenible productos empleados.	2	2
B. Mejoras en medidas de seguridad de productos de limpieza.	1	2
C. Bolsa de Horas	3	2
D. Mejoras en herramientas, material, etc.	2	3
TOTAL	40	40

e fíxose a apertura do sobre C (Documentación relativa aos criterios avaliábles automaticamente) dos licitadores admitidos, dando lugar á avaliación das ofertas:

OFERTA ECONÓMICA:

	Importe oferta sin IVA (12 meses)
EULEN, S.A.	70.885,79 €
LIMPERGAL, SL	72.475,00 €

No exame das propostas presentadas polos licitadores obsérvase que todas están correctamente formuladas xa que a baixa desproporcionada fíxase en 64.512,36 euros, polo que ningunha das ofertas se considera baixa desproporcionada.

Os resultados da avaliación económica das propostas son os seguintes:

	Valoración proposta económica
EULEN, S.A.	19,61
LIMPERGAL, SL	12,04

En consecuencia, os resultados TOTAIS das empresas licitadoras admitidas (resultados da avaliación do contido do sobre B e do sobre C):

	Valoración criterios non avaliábles de forma automática (sobre B)	Valoración proposta económica (sobre C)	Puntuación total
EULEN, S.A.	40	19,61	59,61
LIMPERGAL, SL	40	12,04	52,04

De todo o actuado, a Mesa de Contratación acorda:

Primeiro.- Elevar ao órgano de contratación a seguinte clasificación de acordo co establecido no artigo 151 do RDL 3/2011, de 14 de novembro que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP):

1º.- EULEN, S.A.

2º.- LIMPERGAL, S.L.

Segundo.- Por unanimidade, propoñer como adxudicataria do procedemento 2016/04 que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza das dependencias, tanto interiores como exteriores do CEBIOVET, centro dependente da Fundación Rof Codina (FRC), de acordo coas especificacións técnicas e condicións que figuran neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) á empresa **EULEN, S.A. (A-28517308)**

Terceiro.- Á vista e conforme a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación e o informe técnico que obra no expediente, conclúese que a oferta do licitador EULEN, S.A. é unha oferta válida e acorde aos pregos.

Cuarto.- De acordo co artigo 151.2 do TRLCSP, fíxose un requirimento ao licitador seleccionado para que achegue os certificados e documentos especificados nos Pregos de Condicións que rexen a contratación do servizo de limpeza do HVU-RC, en el apartado 6.6.2.

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato resultante do procedemento 2016/04 que ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza das dependencias, tanto interiores como exteriores do CEBIOVET, centro dependente da Fundación Rof Codina (FRC), de acordo coas especificacións técnicas e condicións que figuran neste prego e no Prego de Prescricións Técnicas (PPT) á empresa EULEN, S.A.

Segundo.- Notificar esta adxudicación aos licitadores e candidatos e ordenar que se publique a formalización no perfil do contratante da Fundación Rof Codina.

Terceiro.- Que a formalización del contrato se efectúe dentro do prazo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que se notifique a adxudicación aos licitadores e candidatos.

Cuarto.- O prazo de execución do contrato será de 12 meses.

Quinto.- Contra a presente Resolución non poderá interporse recurso contencioso - administrativo. A resolución das cuestións litixiosas que puideran derivarse da presente contratación será competencia da orde xurisdiccional civil, de acordo co previsto nos artigos 21.2 do TRLCSP e a cláusula 22 das Instrucións internas de contratación da Fundación Rof Codina.

Lugo, 20 de setembro de 2016

O órgano de contratación



Luis Felipe de la Cruz Palomino
Director Xerente da Fundación Rof Codina

